

V Concurso de Escaparatismo de Nadal

BASES DO 5º CONCURSO DE ESCAPARATISMO DE NADAL – CONCELLO DE CULLEREDO –

Primeiro. – OBXECTO.

Con motivo das Festas do Nadal 2024 o Concello de Culleredo, mediante a Área de Dinamización Local, organiza:

5º CONCURSO DE “ESCAPARATISMO DO NADAL”

O presente concurso ten por obxecto promover a creatividade dos comerciantes á hora de presentar os seus establecementos e produtos durante as vindeiras datas de Nadal, para que sexan máis atractivas para a veciñanza, e que fomente a creación dun especial ambiente festivo, nestas datas tan sinaladas, nas rúas deste concello.

Segundo. – PARTICIPANTES.

Poderán participar no concurso todos os establecementos comerciais abertos ó público no Concello de Culleredo, calquera que sexa a súa actividade e sempre que teña escaparate.

Os participantes terán plena liberdade no deseño e creatividade do seu escaparate sempre relacionado co nadal.

Terceira. – LUGAR E PRAZOS DE INSCRICIÓN.

A inscrición é de balde e as instancias admitiranse exclusivamente no modelo normalizado ANEXO I. As presentes bases poderán descargarse na páxina web www.omellorescaparatedeculleredo.com. O escaparate que participe no concurso ten que estar preparado antes do 13 de decembro e ten que permanecer ata o 7 de xaneiro, data fin do concurso.

Enviar a instancia ANEXO I, ao enderezo electrónico info@omellorescaparatedeculleredo.com, cuberta, xunto coas fotos do escaparate (nun máximo de 3 imaxes, en formato .jpg, .tif, .raw), importante enviar, como mínimo, unha imaxe horizontal e outra en vertical. A organización escollerá a mellor imaxe tomada para incorporala na web e será a imaxe que participe representando ao comercio.

Carta. – DESENVOLVEMENTO DO CERTAME.

A decoración do escaparate ten que gardar relación cos motivos de Nadal, que deben estar decorados e expostos, dende o 13 de decembro ata o 6 de xaneiro.

Os premios outorgaranse polo número de votos obtidos por cada escaparate, na páxina web do concurso facendo unha media coa valoración dun xurado profesional. A votación será única e para iso terase en conta á hora de votar o nome da persoa, o DNI, o correo electrónico, e o número de teléfono, e ademais de forma automática rexistrase a IP dende a que está facendo o voto, non podendo repetirse ningún destes datos.

Poderá votar toda persoa maior de idade, e que poida entrar na web e faga o rexistro adecuadamente. O prazo de votación é dende o día 13 de decembro ata o día 6 de xaneiro. O día 7 de xaneiro será a publicación dos premios dos escaparates gañadores.

Os votantes entrarán nun sorteo final de 20 premios valorados en 50 €, consistentes en 5 cupóns de 10 € que terán que ser gastados nalgún dos comercios participantes neste concurso ou nalgún local hostaleiro que participe no concurso de Nadal.

V Concurso de Escaparatismo de Nadal

Quinta. – COMPROMISO DOS ESTABLECEMENTOS

Os establecementos que participen no certame estarán indicados cun cartel vertical tamaño (30x42cm) que mostra a súa participación e fomenta á votación do público, e que se lle entregará no comercio despois de formalizar a inscrición. O cartel deberá colocalo nun lugar ben visible do escaparate.

Tamen están obrigados a aceptar os cupóns de premios dos votantes valorados en 10 € que lles serán aboados nun prazo no máis tarde do final do primeiro semestre do 2025.

Sexta. – PREMIOS DO CONCURSO DE ESCAPARATISMO DE NADAL

A votación dos escaparates farase on line dende a web do concurso e entre as datas 13 de decembro e 6 de xaneiro, ambos inclusive. Os tres escaparates que consigan máis votos serán os gañadores. O número de votos estará visible por cada participante e na propia web durante a duración de todo o concurso.

Os premios outorgados serán:

1º PREMIO: 500 €, que se ingresarán en conta bancaria mediante transferencia y terá a retención vixente e legal según o Ministerio de Facenda para todas as cantidades maiores de 300 €

2º PREMIO: 300 €, que se ingresarán en conta bancaria mediante transferencia y terá a retención vixente e legal según o Ministerio de Facenda para todas as cantidades maiores de 300 €

3º PREMIO: 200 €, que se ingresarán en conta bancaria mediante transferencia este premio non terá retención pero si se comunicará debidamente o ingreso a axencia tributaria.

Todos os premios serán publicados na web do concurso e na web do concello, ademais publicarase nas redes sociais do Concello.

Sétima. – PREMIOS DOS VOTANTES

Os votantes rexistrados adecuadamente entrarán nun sorteo a celebrar o día 7 de xaneiro de 2025.

Cada persoa poderá votar na páxina web a un só escaparate, non podendo emitir máis votos a mesma persoa. A persoa a de ser maior de idade e vivir dentro da provincia da Coruña.

O premio outorgado será un bloco de 5 vales de 10 € sumando 50 € para gastar só nos comercios participantes neste concurso ou os locais de hostalería inscritos no Concurso de Ambientación de Nadal na Hostalería Local. Habrá ata 20 premios para 20 votantes rexistrados adecuadamente e con data de caducidade ata o 25 de xuño.

Despois do sorteo, o día 7 de xaneiro, contactarase coa persoa mediante teléfono previamente rexistrado para comunicarlle o premio, e terá que presentarse no concello de Culleredo para a recollida do premio, amosando o seu DNI para certificar o seu nome co gañador.

Todos os premios serán publicados na web do concurso e na web do concello, ademais publicarase nas redes sociais do Concello.

Oitava. – ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no V CONCURSO DE ESCAPARATISMO DE NADAL supón a total aceptación das presentes bases, así como do proceso de votación xerado na web. Para calquera cousa non establecida nestas bases o Concello de Culleredo será a entidade que decida como proceder en cada caso.

V Concurso de Escaparatismo de Nadal

ANEXO I - COMERCIOS

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO 5º CONCURSO DE ESCAPARATISMO DE NADAL

DATOS DO ESTABLECEMENTO:

Nome comercial do establecemento co que quere aparecer na presentación do seu escaparate:

Enderezo do establecemento: -----

Nome da persoa do contacto: -----

Teléfono fixo do comercio: ----- Móbil persoal: -----

Breve descrición do seu comercio (colocarase tamén na web de presentación do seu escaparate) (máx. 200 caracteres)

DATOS DO SOLICITANTE/TITULAR/PROPIETARIO

Nome e apelidos -----

NIF: ----- Enderezo: -----

Localidade: ----- C.P.: ----- Teléfono fixo -----

Correo electrónico: ----- Teléfono móbil: -----

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos recollidos na presente solicitude de inscrición, incorporaranse nun ficheiro responsabilidade da empresa Diseño Ferial de Galicia S.L., co-organizadora do Concurso de Escaparates do Concello de Culleredo, coa finalidade de que vostede poda participar neste evento. Informámoslle que os seus datos serán publicados na páxina web do concurso, como participante e en todo caso como gañador de dito concurso, e nas redes sociais usadas polo concurso como facebook, X, tik-tok ou instagram, así como noutras plataformas de interese para a promoción do concurso.

Así mesmo, tendo en conta que para promocionar o concurso van a publicarse imaxes nas que vostede ou o seu escaparate pode aparecer, solicitamos conformidade coa Lei 1/1982 do 5 de maio sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, o seu consentimento para usar as imaxes captadas.

AUTORIZO

NON autorizo

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos que establece a Lei, ao enderezo: Rúa Gutenberg 32C-1º, 15008 A Coruña, ou por correo electrónico escribindo a info@omellorescaparatedeculleredo.com

Mentres non nos indique o contrario entenderemos que os seus datos están actualizados. No caso de producirse algunha modificación dos seus datos, pedimos que poda comunicárnolo por escrito, por carta o por correo electrónico descritos anteriormente, coa finalidade de manter a información actualizada.

Coa firma da presente solicitude de inscrición, entendemos que ofrece o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de acordo cos termos xa expresados.

Coñecendo a normativa de referencia así como as bases legais do concurso, acepto o compromiso de someterme as mesmas.

Culleredo, a ____ de _____ do 2024.

Asinado: -----